

Pontevedra, 28 de abril de 2011

Prezada/o socia/o:

Este ano convocamos para o vindeiro *SÁBADO 11 DE XUÑO, ÁS 19.30 HORAS* unha nova “**MARCHA CONTRA CELULOSAS**”: **CONTRA AS RENOVACIÓNS DAS AUTORIZACIÓNS AMBIENTAIS INTEGRADAS PARA ENCE-ELNOSA.**

Atopámonos nun momento decisivo e chave para fechar definitivamente as portas do complexo. O proceso de renovación das autorizacións ambientais integradas, que foron inxustificadamente concedidas no seu día, debe ser un camiño de non retorno que poña de manifesto as continuos incumprimentos ; e derive, dunha vez por todas, no camiño do desmantelamento inmediato de ENCE-ELNOSA.

A Marcha contra Celulosas será a demostración de que non estamos dispostos a deixar que as administracións actúen baixo os intereses de dúas empresas que seguen incumprindo de maneira reiterada a lexislación ambiental. Somos coñecedores dos perxuizos causados ao longo da súa dilatada existencia e non estamos dispostos a aceptar negociacións que non pasen polo peche da factoría.

Ademais, o xoves día 5 de maio celebraremos a Asemblea Xeral Ordinaria no local da APDR a partir das 20 horas, en primeira convocatoria e das 20.15 horas en segunda convocatoria; coa seguinte orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da asemblea anterior.
2. Lectura e aprobación, se procede, dos balanços de contas e de actividades do período anterior.
3. Propostas, votación e aprobación, se procede, da nova Xunta Directiva.
4. Propostas de actuación para o período 2011-2012.
5. Renovacións das AAI de ENCE e ELNOSA.
6. Marcha 2011.

Asemblea Xeral Ordinaria de socios/os

Xoves, 5 de maio

Local da APDR

Rúa Michelena,3, 1ºB

20:00 horas

Ademais, celebraremos a cea anual de socios/os e simpatizantes o vindeiro venres, 27 de maio, dando conta de detalles organizativos da mesma o día da asemblea e a través da nosa páxina web.

Ti podes colaborar falando coa túa xente e animándoa a participar na Marcha. Estaremos na rúa repartindo follas explicativas, recollendo apoios e publicitando a Marcha. Se podes estar nalgunha mesa ou participar dalgún xeito ponte en contacto con nós, deixando un recado no contestador do local: 986 84 74 85, mandando un correo electrónico (apdr@apdr.info) ou chamando a estes números: Antón (666 621 438), María (635 632 607).

HOXE MÁIS QUE NUNCA, CELULOSAS-ELNOSA FÓRA DA RÍA !!!
SÁBADO 11 DE XUÑO, 19.30 horas
MARCHA CONTRA CELULOSAS